

*Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (CITIC) da Universidade da Coruña para o desenvolvemento do proxecto "Talentos Inclusivos"*

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

#### **DECLARA:**

Que esta Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten previsto formalizar co Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (CITIC) da Universidade da Coruña para o desenvolvemento do proxecto "Talentos Inclusivos" o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o finais do curso académico 2022-23, isto é o día 31 de agosto de 2023, podendo ser prorrogado expresamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (CITIC) da Universidade da Coruña para o desenvolvemento do proxecto "Talentos Inclusivos".



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que a Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, remite no seu artigo único á disposición adicional vixésima quinta punto 4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que refire que "En todo caso, as Administracións educativas impulsarán o incremento da presenza de alumnas en estudos do ámbito das ciencias, tecnoloxía, enxeñería, artes e matemáticas, así como nos ensinos de formación profesional con menor demanda feminina. Do mesmo xeito, as Administracións educativas tamén promoverán a presenza de alumnado



masculino naqueles estudos nos que exista de forma notoria unha maior matrícula de mulleres que de homes”.

Que artigo 71.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, di que “Corresponde ás Administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado” e o establecemento de convenios de colaboración con entidades que atenden a este alumnado vai axudar no cumprimento da normativa.

Que o CITIC é un Centro Singular de Investigación, recoñecido pola Xunta de Galicia, da Universidade dá Coruña, unha entidade xeradora de coñecemento e de tecnoloxía innovadora que sustenta o constante I+D+i tecnolóxica por medio da realización de actividades de investigación, desenvolvemento científico e tecnolóxico vinculadas ao sector das Tecnoloxías da Información e as Comunicacions, co remate de potenciar o avance e a excelencia na investigación, o desenvolvemento e a innovación nas TIC e fomentar a transferencia de coñecemento e resultados á sociedade.

En atención a estas consideracións, as entidades asinantes teñen plena capacidade legal e vontade de sumar os esforzos para desenvolver o proxecto



“Talentos Inclusivos” para mellorar e achegar a tecnoloxía e a ciencia aos mozos e mozas non universitarios para promover vocacións STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas) e para visibilizar ás persoas con Parálise Cerebral, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

Judith Fernández Novoa

